



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DO 3 DE ABRIL DE 2019

Na Sala do Consello de Goberno da Reitoría da Universidade, ás 09:40 horas, en segunda convocatoria e logo de se comprobar a existencia de quórum bastante, deu comezo a sesión de acordo coa Orde do día que figura como **anexo I**

Asisten as persoas que figuran como **anexo II** da presente acta, xustificando a súa ausencia as que figuran de seguido: Adriana Ivette Ávila Álvarez e Pedro Gil Manso.

### 1. Informe do Reitor

A seguir, os demais membros do equipo de goberno informaron dos asuntos correspondentes ás súas áreas.

#### O reitor

Toma a palabra expresando o seu pesar polo falecemento de Ramón Pérez Otero, profesor da Facultade de Informática.

A seguir informa da compra dun solar no Campus de Esteiro ao Ministerio de Defensa e a da concesión do edificio “Batallóns”, tamén dese Ministerio, á UDC.

No solar de Esteiro buscarase financiamento externo para executar un proxecto elaborado pola ETSAC, un edificio executábel por fases mais funcional xa desde a primeira. O proxecto permitirá incrementar a visibilidade da UDC na cidade de Ferrol, sendo a entrada ao campus desde a Avenida de Esteiro, supoñendo tamén unha ampliación importante dos espazos actuais: nel ubicarase a sede do Campus Industrial, as equipas e laboratorios da agrupación “Industria Intelixente” ben como outros servizos e as dependencias da Escola Universitaria Politécnica. O prazo de execución previsto é de dous anos, estando xa comprometido financiamento da Xunta para a primeira fase por importe de 5 millóns de euros.

Canto ao edificio de “Batallóns”, trátase dunha residencia loxística da armada española, baleira neste momento. Estase a negociar unha concesión demanial con opción de compra a fin de utilizala para despachos do profesorado e almacén da biblioteca da Casa do Patín. Suporá tamén un aumento significativo do espazo útil da UDC no campus de Esteiro.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informou dos seguintes asuntos:

- 27/02/2019. Autorizouse a transformación dun profesor Colaborador fixo en Contratado Doutor ao ter acadada a correspondente acreditación. De acordo coa disposición adicional terceira da Lei orgánica 4/2007, co artigo 15.4 do II Convenio colectivo para o PDI laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e a disposición adicional segunda do Regulamento polo que se establecen os criterios para o desenvolvemento das ofertas de emprego público (OEP) de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña (aprobado por acordo do Consello de Goberno do 27/04/2017 e modificado por acordo do 28/02/2018)

Código Seguro De Verificación	dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	06/05/2019 21:22:17
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	03/05/2019 12:22:50
Observacións		Páxina	1/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==">https://sede.udc.gal/services/validation/dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==</a>		





- 28/02/2019. Autorizouse a contratación pola lista de agarda da praza 19/1002 dun/ha profesor/a contratado/a interino/a de substitución a tempo parcial P06 na área de coñecemento de Teoría e Historia da Educación, debido a baixa por IT dun profesor da área. O contrato finalizará na data de incorporación da profesora de baixa ou o 31/08/2019 no caso de non producirse antes a alta.
- 22/03/2019. Publicouse a relación provisional en relación co establecemento da prelación da execución da OEP do ano 2019. O prazo de reclamación rematou o día 27, non tendo recibido ningunha. A relación definitiva será publicada no momento en que a Xunta de Galicia de o visto e praza á OEP 2019.
- Infórmase sobre que se solicitará a os departamentos, durante a elaboración do POD, o compromiso de asumir sen incremento de profesorado as materias que tivesen menos de 5 alumnos/as matriculados/as no actual curso académico e que os centro propoñan ofertar no curso académico 2019/2020.
- 29/03/2019. Autorizouse a contratación pola lista de agarda da praza 18/7011 dun/ha profesor/a contratado/a interino/a de substitución a tempo completo na área de coñecemento de Métodos cuantitativos para a economía e a empresa, ante a previsible renuncia dunha interina de substitución a tempo completo da área ao ter sido nomeada para unha praza de axudante doutora noutro departamento. Este contrato finalizará ao rematar o curso académico o 31/08/2019.

A **vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** informou dos seguintes asuntos:

Informo da publicación da listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas na convocatoria de axudas da UDC para deportistas de alto nivel. Curso 2018-2019. Da publicación da convocatoria de bolsas do plan propio da UDC para comedor este ano centrada para os que teñen unha praza nalgunha das residencias públicas da UDC ou os que teñen unha bolsa de dificultades económicas. Publicouse a I Edición dos premios Isabel Zendal de promoción do pensamento crítico en educación secundaria e bacharelato convocada pola Universidade da Coruña, por medio da Unidade de Divulgación Científica e Cultural e o Campus Innova, e en colaboración co Círculo Escéptico, coa finalidade de promover o pensamento crítico e a cultura científica. Hoxe ou mañá sairá a lista definitiva das axudas para organización de xornadas divulgativas e ciclos de conferencias 2019, cabe destacar o gran número de solicitudes, 31.

Datos sobre as campañas organizadas polo Servizo de Estudantes para a difusión da oferta académica. Durante esta semana no CUR realízanse as xornadas de orientación universitaria e profesional organizadas entre o Concello da Coruña e a UDC, onde se apuntaron 7100 estudantes de bacharelato, con 44 relatores da UDC, 30 USC e 15 da UVigo. Quero agradecer a todos os equipos directivos dos centros e por extensión ao seu persoal a súa colaboración co Servizo de Estudantes en VISITA O TEU CAMPUS, todos os xoves e venres desde febreiro ata abril.

Con respecto, ao Servizo de Cultura, onte comezou o 26 Festival internacional de Teatro Universitario(FITEUC)no cal durante o mes de abril actuarán en NORMAL,

Código Seguro De Verificación	dCBxNg0TF1vOcX09KIdMmA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	06/05/2019 21:22:17
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	03/05/2019 12:22:50
Observacións		Páxina	2/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/dCBxNg0TF1vOcX09KIdMmA==">https://sede.udc.gal/services/validation/dCBxNg0TF1vOcX09KIdMmA==</a>		





Centro Cívico dos Mallos, Teatro Rosalía de Castro na Coruña; e no Teatro Jofre en Ferrol: o 7 de Abril "As mulleres do muro" Rutas pola Cidade invisible con Xurxo Souto, o 10 inauguración en NORMAL da exposición "Aralladas" de noso compañeiro Alberto Oro Claro. E varias xornadas de Corpos presentes dentro do ciclo arredor das artes performativa e na Conversa coa dirección "Hermanos mayo. Guerra Civil Española" de Xurxo Souto.

No Servizo de Deportes abriuse o período de inscrición da XX Edición do DéporCampus Mauro Silva os días 15, 16 e 17 de abril para nenos e nenas entre 4 e 12 anos.

De seguido, a **vice-reitora de Internacionalización e Cooperación** informou dos seguintes temas:

- **Brexit:** O día 14 de marzo tivo lugar en Madrid, na sede da representación do Parlamento Europeo en España, unha xornada informativa sobre os plans de continxencia que tanto o Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, como o Ministerio de Asuntos Exteriores, ten preparados en todos os casos posibles do resultado do Brexit.
- Entre o 20 e o 22 de marzo tiveron lugar en Tenerife as xornadas da Sectorial de CRUE de Internacionalización e Cooperación. Ademais de renovarse cargos no Comité Executivo, nas xornadas houbo unha participación do Ministerio de Asuntos Exteriores e do SEPIE informando dos pasos a seguir no caso de emerxencias que poden darse nas persoas que están a realizar mobilidades internacionais. A sectorial está a preparar un documento cun protocolo de emerxencias. Ademais reuníronse os distintos subgrupos de traballo da sectorial: Cooperación, Internacionalización na casa, Promoción Internacional, Mobilidade, Mobilidade Virtual, Política Lingüística e Visados.
- Proxectos europeos: o 26 de marzo rematou o último prazo para o 2019. Neste segundo prazo de solicitudes de KA201 e KA203, a UDC aparece representada en oito proxectos (tres como coordinadora e cinco como institución socia). Os ámbitos dos proxectos son moi variados, dende robótica ou xogo online, ata métodos innovadores de ensino. O orzamento total ao que opta a UDC chega case aos 2 millóns de euros.
- A UDC participou o 21 de marzo nas Xornadas de Acción Exterior e Imaxe Global da Coruña, organizadas polo Concello e o IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional). A participación da UDC radiografiou a actividade internacional que realiza a UDC, qué valores e outros retornos derivan do traballo exterior da Universidade e finalmente qué expectativas temos dunha acción exterior en colaboración con outros actores.
- Tiveron lugar en todos os campus charlas informativas para que os alumnos que van ser beneficiarios dunha bolsa Erasmus+ consulten as súas dúbidas e acepten as súas mobilidades.
- **Visitas institucionais:** Recibimos a unha delegación da Facultade de Dereito da Universidade Estatal de Tbilisi para comezar as negociacións para establecer unha titulación dobre entre as dúas Universidades. Por outra banda, recibimos unha delegación de 54 alumnos franceses. Se lles presentou a oferta académica da UDC, as posibilidades de mobilidades e visitaron os campus e algúns centros.
- **Staff Week:** O 29 de marzo rematou o prazo para as solicitudes do persoal estranxeiro. Recibíronse 51 solicitudes das que seleccionamos 32 participantes, tendo en conta o seu país de procedencia, o seu ámbito de traballo e o seu perfil na universidade de orixe. A Staff Week terá lugar entre os días 6 e 10 de maio próximos.

Código Seguro De Verificación	dCBxNg0TF1vOcX09KIdMmA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	06/05/2019 21:22:17
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	03/05/2019 12:22:50
Observacións		Páxina	3/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/dCBxNg0TF1vOcX09KIdMmA==">https://sede.udc.gal/services/validation/dCBxNg0TF1vOcX09KIdMmA==</a>		





- **Erasmus Without Paper:** A Comisión Europea está a probar con algunhas universidades esta plataforma que facilita a tramitación on-line de todo o procedemento das mobilidades Erasmus. O pasado 7 de marzo asistimos a un seminario formativo sobre esta forma de xestión e fixéronse unhas primeiras probas coa plataforma dixital e a aplicación de dispositivos móbiles.
- **PALDI:** Dentro das actividades do PALDI iniciáronse sesións de seguimento para a docencia en inglés co fin de facilitar e complementar o proceso de acreditación.
- **Reunión Responsables de Internacionalización dos centros:** como parte das reunións periódicas que mantemos con responsables de internacionalización dos centros, presentáronse algúns aspectos de mellora que imos incluír nos procedementos das mobilidades e informouse sobre a plataforma *Erasmus Sen Papeis*.
- **AUIP:** Desde o mes de marzo a UDC é membro da asociación iberoamericana de posgrao, o cal implica, entre outras cousas, que o profesorado poderá solicitar axudas de mobilidade para realizar actividades docentes en posgraos latinoamericanos.
- **TCA:** La UDC é una das 50 institucións europeas seleccionadas para participar nun seminario de contacto organizado pola Comisión Europea, actividade de networking titulada “TCA Fostering Erasmus+ cooperation projects impacts and cross fertilization on social inclusion and civic engagement”, que terá lugar en Bolonia (Italia) do 25 ao 27 de xuño de 2019. O obxectivo desta reunión é fomentar a creación de consorcios para a presentación de proxectos de calidade ás distintas convocatorias da Comisión.
- **Axudas á internacionalización:** abriuse a convocatoria destas axudas para o ano 2019 e permanecerá aberta ata o 29 de setembro. Poden solicitar axudas tanto PDI como PAS. As accións financiadas inclúen a preparación de proxectos do programa Erasmus +, o establecemento e/ou seguimento de titulacións dobres o conxuntas, a mobilidade de profesorado con docencia en inglés e a organización de cursos no estranxeiro no marco da ISS.
- **Debates “Falemos de Europa”.** Ante a proximidade as eleccións ao Parlamento Europeo, esta vicerreitoría organizou en colaboración coa Oficina Europe Direct da Deputación da Coruña, da Facultade de Dereito e da Universidade Sénior, dous debates sobre as repercusións da pertenza europea nos cidadáns e que celebráronse o 26 e o 28 de marzo.

## Actividades da Oficina de Cooperación e Voluntariado

- Preparáronse as “X Xornadas sobre persoas sen fogar: tecendo redes dende as rúas”, que pecharon a inscrición o día 31 de marzo con 118 persoas inscritas. Celebráronse o día 4 de abril.
- Dentro das actividades da RGCUD realizouse:
  - Actividade de sensibilización sobre “Comercio xusto e consumo responsable” co alumnado do Grao de Moda, na Facultade de Humanidades do campus de Ferrol. Esta actividade está enmarcada dentro das actividades da RGCUD.
  - Xornada formativa dirixida ao equipo de goberno e xefes/as de sección, de servizo e de negociado do reitorado sobre “Compra pública ética”.
- O grupo de sensibilización do Campus de Ferrol organizou unha actividade sobre a saúde física e mental.
- O director da OCV participou nas XV Xornadas de Internacionalización e Cooperación da CRUE, no grupo de traballo de cooperación universitaria ao desenvolvemento.
- O proxecto de Aulas de Español que se desenvolve no campus de Ferrol a través do voluntariado da OCV duplicou as súas solicitudes neste último mes. Nestas aulas ofrécese apoio á alfabetización e apoio escolar a menores.

Código Seguro De Verificación	dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso		Asinado	06/05/2019 21:22:17
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano		Asinado	03/05/2019 12:22:50
Observacións			Páxina	4/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==">https://sede.udc.gal/services/validation/dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==</a>			





- O voluntariado da OCV de Coruña deu a coñecer os seus proxectos e actividades nas aulas de Educación Infantil e Primaria, Educación Social e Logopedia.

A **vice-reitora de Organización Académica e Innovación Docente** informa dos seguintes asuntos:

Os días 14 e 26 de marzo tiveron lugar sendas reunións na Secretaría Xeral de Universidades ás que asistimos os tres vice-reitores das tres universidades do SUG. Na reunión do día 14 asistiu unha representación do equipo de dirección da escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos e da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría da USC (campus de Lugo) para analizar os avances feitos de cara á colaboración entre ambos centros no que atinxe aos graos de Obras Públicas e Enxeñaría Civil, que afectan sobre todo á mobilidade do estudiantado. Cómpre lembrar que se fixou un prazo até o 2 de maio para mandar as táboas de recoñecementos e as propostas de mencións. Tamén se falou das novas titulacións que entrarán no SUG o vindeiro curso e o seguinte, pero aínda non se remataron as negociacións entre as universidades, pois nalgún caso as propostas feitas non concordan exactamente co establecido inicialmente no mapa de titulacións que se presentou en outubro do 2017. Isto se fará unha nova reunión que se convocará proximamente.

- O 27 de marzo inaugurouse a segunda edición do Programa de Formación Universitaria para Maiores de 50 anos da Costa da Morte, no que xa están matriculados 65 alumnos e alumnas, procedentes de 12 concellos da Costa da Morte. Con estas Xornadas, a Universidade Sénior, o Programa Universitario para Maiores de 50 anos da Universidade da Coruña, en colaboración co GDR "Costa da Morte", da continuidade ao programa iniciado o pasado ano, que nesta ocasión versará sobre a sustentabilidade.

- O 29 de marzo celebrouse unha reunión de Comisión Interna de Universidade onde foron revisados os cambios que se introduciron na VIII Convocatoria do Programa Docente e se resolveron as reclamacións da VII Convocatoria.

- Xa se publicou a listaxe definitiva dos Grupos de Innovación Docente rexistrados este curso. Creáronse 15 grupos, o que fai un total de 69 GIDs rexistrados. Agradezo a boa acollida que está a ter esta iniciativa entre o profesorado.

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** informou de seguido do seguinte:

Código Seguro De Verificación	dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	06/05/2019 21:22:17
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	03/05/2019 12:22:50
Observacións		Páxina	5/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==">https://sede.udc.gal/services/validation/dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==</a>		





O 18 de marzo presentáronse as alegacións pola desestimación do recurso do IVE do 2013 e 2014. Aportouse evidencia sobre a vinculación da actividade básica coa actividade e empresarial.

Continuase coa revisión da clasificación económica do manual de xestión orzamentaria. Agora habería que revisar as partidas de ingresos e os gastos (gastos de persoal), 8 (variación de activos financeiros) e 9 (variación de pasivos financeiros).

Participamos os días 7 e 8 de marzo nas Xornadas de Financiamento Universitario organizadas pola Universidade de Zaragoza co título da comunicación "Financiación pública universitaria. Racionalidad en el gasto".

Seguimos avanzando no proceso de valoración de bens inmoables e estamos na derradeira fase coa medición dos centros correspondentes ao Campus de Elviña. Finalizarían coa Maestranza, Residencia Universitaria e edificio de Serantes. Deben estar rematados antes do 30 de xuño de 2019.

## Validacións e imputacións

O resumo que quedaría é o seguinte:

Imputacións para informar na CAE 01.04.19		
Resolución de imputación	data	importe
Núm 3-2019	27.02.19	38.834,61 €
Núm 4-2019	01.03.19	208.425,14 €
Núm 5-2019	12.03.19	158.101,62 €
Núm 6-2019	20.03.19	350.435,41 €
Núm 7-2019	25.03.19	169.635,99 €
Núm 8-2019	26.03.19	13.759,56 €
	<b>total imputado:</b>	<b>939.192,33 €</b>
Núm 9-2019	29.03.19	64.186,51 €*
<b>Validacións</b>		
<b>Núm. 3-2019</b>	191 solicitudes	<b>148.213,13 €</b>

A continuación a vicerreitora do **Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** tomou a palabra para informar do seguinte:

Código Seguro De Verificación	dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	06/05/2019 21:22:17
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	03/05/2019 12:22:50
Observacións		Páxina	6/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==">https://sede.udc.gal/services/validation/dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==</a>		







- Neste mes de marzo ao redor do día internacional da Muller, a Oficina para a Igualdade de Xénero da UDC en colaboración coa Xunta de Galicia, ONGs e Asociacións Culturais organizou un interesante e amplo programa de actividades nos campus de A Coruña e Ferro: foros, conferencias e exposicións.

Tamén desde distintos servizos, centros e grupos de investigación da UDC completaron o programa con actividades relacionadas coa igualdade dentro dos seus ámbitos de traballo.

- Os días 7-8 de marzo tivo lugar na Universidade de Granada a 3ª Xornada da rede de programas Universitarios para persoas con discapacidade cognitiva. Nesta xornada participou o equipo de Espazo Compartido que como saben e o programa da Universidade da Coruña para a formación cara ó emprego de estudantes con discapacidade cognitiva. Este encontro como os dous anteriores serviu para poñeren en común o traballo que se está en desenvolver en distintas universidades, en concreto en este encontro participaron representantes de 21 universidades españolas e no que na UDC fomos pioneiros.
- No Campus de Ferrol os días 14 e 15 de marzo celebrouse a edición número 24 das Xornadas de Filosofía e Metodoloxía Actual da Ciencia. Este ano o tema central foi INTERNET e CIENCIA: Análise dende a complexidade estrutural e dinámica. E como en ocasións anteriores participaron relatores do máximo nivel de universidades de Estados Unidos, Reino Unido, Tailandia, Noruega e España.

Este venres, 5 de abril terá lugar a 2ª conferencia do ciclo Café con Ciencia impartida pola Dra Covadonga Astorga Lloréns, investigadora da Comisión Europea para a Dirección de Enerxía, transporte e Clima que falará sobre “Investigación e ciencia, claves para unha Europa sostible. E na próxima semana tamén haberá actividade dentro das cátedras Jorge Juan e Navantia.

O **xerente** informou do seguinte:

### Constitución da Comisión Intersectorial da CRUE para Axenda 2030

O pasado día 15 de marzo constituíuse na sede da CRUE a Comisión Intersectorial da CRUE para Axenda 2030 para a Desenvolvemento Sustentable. A miña asistencia foi en representación da Sectorial de Xerencias.

Como representante da Sectorial de Xerencias nesta Comisión trasladei o cuestionario relativo á incidencia da nosa actividade como sectorial no marco da Axenda 2030 e os seus obxectivos no ano 2018. Tamén expuxen a labor das xerencias universitarias, en campos cunha especial incidencia nalgún dos obxectivos, como son: a contratación pública ética e as cláusulas sociais nos pregos de contratación, a eficiencia enerxética coa compra centralizada de enerxía e, aínda que en menor medida, a contabilidade analítica como ferramenta de eficacia y eficiencia na medición da nosa actividade.

O obxectivo desta Comisión Intersectorial é a coordinación das actividades das distintas sectoriais da CRUE na consecución no ámbito universitario dos 17 Obxectivos Desenvolvemento Sustentable (ODS) e decidiuse, en resumo, a adopción das seguintes accións:

1. Enquisa sobre o grao de implementación da Axenda 2030 polas Universidades.

Código Seguro De Verificación	dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	06/05/2019 21:22:17
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	03/05/2019 12:22:50
Observacións		Páxina	7/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==">https://sede.udc.gal/services/validation/dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==</a>		





2. Mapa das accións realizadas polas diferentes comisións sectoriais e por CRUE como institución.
3. Consolidar as accións de lobby interno e externo de CRUE.
4. Definir e coordinar accións conxuntas por parte de CRUE para o día 17 novembro, día da xuventude, dedicado a divulgar e concienciar a Axenda 2030.
5. Organizar xornadas intersectoriais sobre ámbitos específicos da Axenda 2030, por exemplo a introdución da Axenda 2030 no currículo.
6. Accións en programas de investigación, e propor á ANECA para que se valoren accións relacionadas coa Axenda 2030 no currículo.
7. Traballar conxuntamente en indicadores relacionados coa Axenda 2030 e para iso contar co Servizo de Datos e Estudos.
8. Elaborar un Plan Estratéxico de Crue para a Axenda 2030.
9. Definición e coordinación de futuras accións a nivel europeo, a través da oficina Crue-CRUP.

**ACORDOS:**

1. Aprobouse por unanimidade a acta da sesión do 27 de febreiro de 2019
2. Aprobáronse os contratos e convenios (4 marco, 6 específicos e 81 de prácticas)– **anexo III**
3. Aprobouse a proposta de límite de prazas das titulacións de grao e mestrado universitario para o curso 2019/2020– **anexo IV**
4. Aprobouse, por 28 votos a favor, 4 en contra e 1 abstención, a desascripción da EU de Turismo (CENP) da Universidade da Coruña e a creación dun novo centro propio de turismo na UDC para a impartición da titulación de grao en turismo – **anexo V**
5. Aprobouse a proposta da VIII Convocatoria do Programa Docencia e do Manual de Avaliación da actividade docente do profesorado - **anexo VI**
6. Aprobouse o acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia (SUG) sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao do SUG para o curso 20192020- **anexo VII**
7. Aprobouse a proposta de convocatoria de concurso dos corpos docentes universitarios segundo figura no **anexo VIII**
8. Aprobouse e aproposta de convocatoria de prazas de PDI contratado - **anexo IX.**
9. Apróboase o nomeamento como profesor honorario de Jesús María de Urrutia de Lambarri - **anexo X**
10. Aprobouse a proposta de autorización de licenzas - **anexo XI**
11. Aprobouse a proposta de actualización da Normativa de dedicación do PDI – **anexo XII**
12. Proposta de procedemento para a elaboración do POD do curso académico 2019/2020 - **anexo XIII**
13. Aprobouse a proposta de regulamentos de réxime interno do CIT, CITEEC, CITIC e denegouse a aprobación do regulamento do CICA - **anexo XIV**

Código Seguro De Verificación	dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	06/05/2019 21:22:17
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	03/05/2019 12:22:50
Observacións		Páxina	8/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==">https://sede.udc.gal/services/validation/dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==</a>		







14. Proposta de aceptación de doazón da empresa Beckhoff á Universidade da Coruña – **anexo XV**
15. Proposta de modificación de membros da Comisión de Relacións Internacionais – **anexo XVI**
16. Aprobouse o II Plan de Igualdade da Universidade da Coruña – **anexo XVII**

Logo de se tratar todos os asuntos incluídos na orde do día, a sesión rematou ás 12:44 horas.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público, o ficheiro electrónico comprensivo da gravación da sesión pode consultarse no seguinte enderezo:

<https://tv.udc.gal/video/5cbda5d111cad1c8088b456b>

(coa pegada dixital SHA-1: SHA-1: A527D4BB3E754468F5AE843465DCE35358164E83

Código Seguro De Verificación	dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	06/05/2019 21:22:17
	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	03/05/2019 12:22:50
Observacións		Páxina	9/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==">https://sede.udc.gal/services/validation/dCBxNg0TF1vOcXO9KIdMmA==</a>		

